

ROGO DE AER RELATIVO A VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-7)

PLENO 26 OUTUBRO 2017. ACTA 012/2017

1.- ROGO SOBRE PUBLICACIÓN DE SOLDOS

No pleno do 6 de xuño de 2013, aprobouse unha moción de AER para que se publicara na páxina web do Concello o que cobra cada grupo e cada concelleiro/a da Corporación, tanto pola súa labor de concelleiro/a como pola súa participación noutros órganos da administración pública.

Consultada a páxina web do Concello, vemos que os datos dos salarios polo seu posto de concelleiros/as xa están publicados, así como as dietas do alcalde por ser representante no Concello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo (314,68€ netos por cada unha das sesións).

Observamos que a información é difícil de atopar na web do Concello e temos que dicir que está incompleta. Non sabemos a cantas sesións do Consello de Administración da Autoridade Portuaria asistiu o Alcalde, e tamén faltan as retribucións dos concelleiros/as que teñen ou tiveron un posto na Deputación, polo que dende AER rogamos que se complete a táboa da información das retribucións da Corporación municipal, tende ademais un fácil acceso a elas, dotándoa dun enlace destacado na páxina principal do web do Concello.

Este texto é dun rogo de maio de 2014 e a día de hoxe non se fixo nada, lembramos ao equipo de goberno o aprobado por unanimidade en xuño de 2013:

“Publicar na páxina web do Concello:

- 1. Salario de cada un dos membros da corporación.*
- 2. Contía da subvención recibida por cada grupo político.*
- 3. Cartos que reciban os membros da corporación por asistir a outros organismos, como GDR, Deputación, Portos de Galicia, etc....*
- 4. Dietas recibidas polos concelleiros con responsabilidade de goberno e concepto das mesmas, cunha frecuencia semestral.*
- 5. Gastos de protocolo do equipo de goberno e concepto dos mesmos, cunha frecuencia semestral.*
- 6. Tódolos datos anteriores dende o inicio deste mandato”.*

Rogamos que todos estes datos se incorporen a inminente nova páxina web do Concello de Redondela tanto deste mandato como do anterior.

O sr. Alcalde indica que se está cumprindo a norma, o que sexa de incorporar o poñeremos.